



NOTA DE PRENSA

A obra supuxo un investimento de 275.000 euros

O Presidente da Deputación da Coruña inaugurará o día 13 de setembro as beirarrúas de Amanecida a Beluso

Boiro, mércores día 08 de setembro de 2010. O Presidente da Deputación da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda, **asistirá o luns, día 13 de setembro, ás 13.30 horas**, ao acto de inauguración da construción de beirarrúas na estrada provincial C.P. 1104, entre Amanecida e Beluso, na parroquia de Bealo (CP 1104 Boiro a Ponte de San Francisco, P.K. 8,4 a 10, 15). O importe da actuación ascendeu a 275.200 euros, que foron aportados pola Deputación da Coruña.

Á inauguración, que estará presidida polo Alcalde, Xosé Deira Triñanes, están convidadas a corporación municipal, as asociacións veciñais e sociais de Bealo e tódolos veciños que desexen participar. O punto de encontro é o cruce coa estrada que vai á igrexa de Bealo, de onde partirá a comitiva percorrendo as novas beirarrúas ata chegar á Amanecida, lugar no que se celebrarán as intervencións e se servirá un viño ofrecido polos veciños da parroquia.

A dotación de beirarrúas a esta zona é unha antiga reivindicación veciñal e permitirá aumentar sensiblemente a seguridade viaria nesta estrada, que rexistra un alto índice de tráfico de vehículos. En total, executáronse uns dous quilómetros de beirarrúa, aparte de acometer a rede de augas pluviais e repoñer os servizos afectados, como o alumado, a rede eléctrica ou a telefonía.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro